

TES DÚBIDAS SOBRE
**PERMISOS POR
CUIDADOS?**

UGT RESPONDE ÁS
TÚAS PREGUNTAS

PERMISO DE CATRO DÍAS POR CAUSA DE FORZA MAIOR

Desde cando existe este permiso?

Este permiso entrou en vigor o pasado 30 de xuño. Forma parte das medidas aprobadas polo Goberno para poder conciliar a vida persoal, familiar e laboral. Recóllese no artigo 37.9 do Estatuto dos Traballadores.

En que consiste?

É un permiso retribuído de catro días ao ano que establece o dereito do traballador ou traballadora a ausentarse da vida laboral debido a situacións de forza maior, en caso de motivos familiares urxentes.

Cando podo acceder a este permiso?

O permiso denomínase por forza maior, é dicir, ten que producirse unha urxencia que requira unha atención inmediata que xustifique a ausencia da persoa traballadora. Por exemplo, un accidente ou a enfermidade dunha persoa menor durante o horario escolar. É dicir, cuestións que esixen a indispensable presenza da persoa traballadora.

Tense que coller por días?

Non necesariamente. Pódese coller por horas, dependendo das necesidades da persoa traballadora e da situación de forza maior. A duración prevista é o tempo equivalente a catro días por ano, polo que isto dependerá do número de horas que teña contratadas cada traballador ou traballadora. Por exemplo, a unha persoa que realiza unha xornada diaria de oito horas corresponderanlle 32 horas ao ano.

Podo coller o permiso se teño que acompañar á miñai/pai ou ao meu fillo/a ao médico?

As citas médicas previstas con antelación ou operacións cirúrxicas programadas non están contempladas dentro deste suposto. Este permiso só utilízase para situacións urxentes que fagan indispensable a presenza inmediata da persoa traballadora.

Redúcenme o soldo ou me quitan horas por desfrutalo?

Non, en ningún caso. É un permiso retribuído. Un novo dereito da persoa traballadora e, como tal, está contemplado no Estatuto dos Traballadores.

PERMISO RETRIBUÍDO DE CINCO DÍAS POR COIDADO DE FAMILIARES E CONVIVENTES

Cando entrou en vigor?

Entrou en vigor o 30 de xuño de 2023. Este permiso ampliará a regulación anterior de dous días ao ano por esta causa. Ademais, por primeira vez, a normativa contempla a persoas conviventes con ou sen parentesco.

Quen o pode solicitar?

Pódeno solicitar todos aqueles traballadores e traballadoras que necesiten atender a un familiar de segundo grao ou un convivente, con ou sen parentesco, en caso de hospitalización, accidente, enfermidade grave, ou unha intervención cirúrxica que precise de repouso domiciliario. Inclúese ao cónxuxe, á parella de feito, aos parentes ata o segundo grao por consanguinidade, familiares da parella de feito e conviventes da persoa traballadora.

Ten que desfrutarse en días consecutivos?

Si, pero pode facerse en calquera momento da hospitalización ou do repouso domiciliario, non necesariamente durante os primeiros días. É preciso o aviso previo e xustificación por parte da persoa traballadora para ausentarse do traballo.

Contan as fins de semana?

Non, para este permiso só téñense en conta os días laborables. O permiso empezará a computarse, unha vez aceptado pola empresa, o primeiro día laborable tras a solicitude.

Pódese solicitar máis de dúas veces ao ano?

A lei contempla os casos en que se debe outorgar o permiso, non as veces que se pode outorgar, pero será tantas veces como se configuran os supostos que dan dereito ao permiso laboral.

Pódese compatibilizar este permiso con outros permisos retribuídos?

Si. Por exemplo, co permiso por causa de forza maior de catro días retribuídos ao ano.



www.ugt.es

| @ugt_comunica    |

